



Galicia

Diario dixital da UGT de Galicia

GALICIA
LABORAL**LOITA**
polo TEU**ÚNETE**

ISSN 1989-3299

Nº 756 Semana do 13 ao 19 de novembro de 2017

A DÍA DE HOXE AS MULLERES GALEGAS PERCIBEN UN SALARIO SIMILAR AO DOS HOMES NO ANO 2005**A FENDA SALARIAL ENTRE HOMES E MULLERES EN GALICIA É DO 22 POR CENTO E NO CASO DAS PENSÍONS ACHÉGASE AOS 40 PUNTOS****UGT está a desenvolver a campaña “Eu traballo gratis”**

Redacción.- As cifras están aí e debuxan unha realidade indiscutible, as mulleres galegas seguen a cobrar salarios moi por debaixo dos que perciben os homes. A desigualdade salarial persiste e non ten trazas de corrixirse. É esta unha das grandes lacras do mercado laboral para a que hai que articular xa medidas destinadas á súa solución. Neste senso, UGT ven de emprender a nivel de todo o Estado a campaña “Eu traballo gratis”, xa que, tendo en conta os últimos datos da Enquisa anual de salarios do ano 2015 (publicada en xuño de 2017), as mulleres galegas terían que traballar 71 días máis que os homes para percibir o mesmo salario nun ano. Ou, visto doutro xeito, as mulleres terían que deixar de traballar o 15 de setembro.

Así, segundo os datos da Enquisa anual da estrutura salarial 2010-2015 (publicados en xuño de 2017), as mulleres galegas perciben un salario medio anual inferior nun 21,98 por cento ao dos homes. E, lonxe de corrixirse esta lacra do mercado laboral, mantense e, incluso, medra en relación ao 2010 en 0,17 puntos.

Isto implica que para unha muller o ano laboral non remataría o 31 de decembro, en termos salariais, senón o 12 de abril do ano seguinte, 71 días máis. Ou ben, deixar de traballar o 15 de setembro para non facelo “gratis” ata o 31 de decembro.

En termos absolutos, a diferenza retributiva anual entre homes e mulleres en Galicia é de 5.096,5 euros. Segundo isto, a día de hoxe as mulleres galegas perciben un salario medio similar ao que percibían os homes galegos no ano 2005. Isto da unha idea do baleiro que existe e da persistencia das diferenzas.

Se se atende ao que sucede no resto do Estado, obsérvase que as mulleres galegas perciben un 9,8 por cento menos de salario anual que a media das mulleres do conxunto do Estado e que Galicia é a quinta comunidade autónoma onde o salario anual medio das mulleres é máis baixo.



En termos absolutos, a Enquisa anual de estrutural salarial indica que os ingresos medios das mulleres galegas son de 18.093,26 euros, 1.958,32 euros menos que a media dos salarios medios das mulleres do conxunto das comunidades autónomas (9,8 por cento). De feito, a diferenza coas mulleres que perciben un salario anual medio máis alto, as vascas, é dun 23,12 por cento.

Se ben é evidente que, dependendo das comunidades autónomas, a estrutura do emprego e ocupación é diferente, si é certo que a fenda salarial entre homes e mulleres, sexa maior ou menor, dáse en todos os territorios.

Se se atende á ganancia por hora normal traballada, conséntase que as mulleres galegas, tras as canarias, murcianas e estremeñas, son as que menor retribución por hora perciben de todo o Estado e a súa retribución é un 14,23 por cento inferior á dos homes galegos.

Esta é unha variable moi interesante a estudar porque non se ve afectada pola temporalidade nin a parcialidade no emprego, que tanto afectan ás mulleres, e poderíamos pensar que distorsionan as estatísticas, aínda que non a realidade porque tanto unha como outra variable son na maior parte dos casos involuntarias e un factor máis de discriminación para as mulleres no mercado laboral.

As mulleres galegas perciben un 11,3 por cento menos de salario por hora normal traballada que a media de mulleres do conxunto do Estado e un 14,2 por cento menos que os homes galegos.

Toda esta análise de presente ten, evidentemente as súas consecuencias no futuro, tanto no acceso ás prestacións por desemprego como no caso das pensións de xubilación.

O que primeiro chama a atención é que as beneficiarias de prestacións por desemprego son menos, a pesar de ser máis desempregadas. Froito isto, de seguro, da precariedade e parcialidade que xera menos dereitos e, en xeral, consecuencia das lagoas que en materia de cobertura por desemprego ten este país, xa que este é un dereito cada vez máis mermado. Ademais, a contía é un 14,3 por cento inferior á dos homes.

A maiores, neste contexto non se poden esquecer as 26.897 (dato a novembro de 2016) mulleres traballadoras do anterior réxime do fogar da Seguridade Social que non teñen dereito a desemprego.

No relativo ás pensións de xubilación a fenda é dun 37,9 por cento. 404.955 mulleres perceptoras de pensións viven cun importe medio de 605,45 euros.

No caso das pensións de viuvez, onde

**XUNTA DE GALICIA**CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN
E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

si prima as mulleres e si teñen un importe superior á dos homes, aínda que esta non supere os 559 euros, moi por debaixo do propio SMI. Ademais, hai que ter en conta que esta pensión no caso das mulleres é case sempre a súa única fonte de ingresos. Non así no caso dos homes.

No 2016 eran 159.000 as galegas que percibían unha pensión de xubilación cun importe inferior ao SMI, fronte a 97.308 homes. Pero, pola contra, por enriba dos 1.000 euros son os homes os grandes beneficiarios, máis de 105.000 perceptores, fronte a 21.000 perceptoras.

A isto hai que engadir que no caso das pensións non contributivas de xubi-

lación as mulleres representan o 77,6 por cento, cun importe medio de 355,39 euros. Isto pon de manifesto as importantes dificultades ás que se teñen que enfrontar as mulleres chegada a idade de xubilación.

Ante estes datos, UGT-Galicia realiza un chamamento ao Goberno para que active todos os mecanismos posibles e facer cumprir os artigos 14 e 9 da Constitución Española, xa que do seu cumprimento derivase a igualdade salarial entre mulleres e homes. O sindicato tamén demanda o cumprimento das Recomendacións da Comisión Europea nesta materia, en concreto no relativo á introdución na nosa lexislación da defini-

ción de “traballo de igual valor”.

A Unión Xeral de Traballadores reclama tamén o compromiso dos partidos políticos para que se somen a esta reclamación histórica de UGT, que loita para eliminar as diferenzas salariais, entre mulleres e homes e que intensificou no últimos dez anos ante a inexistencia de políticas de igualdade, o que impide que se avance na eliminación desta discriminación.

A denuncia de UGT vai acompañada de propostas concretas para a negociación colectiva e os plans de igualdade, así como de ferramentas que permiten eliminar -ou canto menos reducir- a fenda salarial entre mulleres e homes.

INICIAN UNHA CAMPAÑA CONXUNTA DE MOBILIZACIÓNS BAIXO O LEMA “AGORA: SALARIOS, EMPREGO PÚBLICO E DEREITOS”

UGT E CCOO RECLAMAN AOS GOBERNOS CENTRAL E GALEGO RETOMAR A NEGOCIACIÓN SOBRE SALARIOS E EMPREGO PÚBLICO

O día 24 convocan concentracións a partir das 11.30 en A Coruña, Lugo, Ourense e Pontevedra

Redacción.- A Federación de empregadas e empregados dos Servizos Públicos (FeSP-UGT) e a Área Pública de CCOO acordaron iniciar unha campaña conxunta de mobilizacións baixo o lema “Agora: salarios, emprego público e dereitos”, que se presentou hoxe en rolda de prensa en Santiago. O calendario de mobilizacións comezará o venres día 24 de novembro con concentracións de delegadas e delegados en A Coruña (Delegación do Goberno), Lugo, Ourense e Pontevedra (nestes casos fronte ás respectivas subdelegacións do Goberno) a partir das 11.30 horas. Do mesmo xeito que se vai facer no resto do Estado nas capitais de provincia.

Ambas organizacións manteñen, non obstante, a súa disposición ao diálogo e diríxense ao Ministerio de Facenda e Función Pública e á Xunta de Galicia, así como aos concellos, para que abran un espazo de negociación real nos seus respectivos eidos e segundo as súas competencias. Todo isto debería ter efectos nos Orzamentos para o 2018 para cada unha das administracións. No caso do Estado, os dous sindicatos entenden que non pode ser un impedimento para elo a propia prórroga dos Orzamentos, pois hai antecedentes. En 1990 e 1996, por exemplo, introducíronse melloras nas leis de presupostos, en materia salarial, de emprego ou outras condicións laborais.

CCOO e UGT reclaman que se recupere a negociación colectiva en todas as administracións públicas para abordar cuestións como xornadas, incapacidade

temporal, saúde laboral, igualdade, formación, acción social...

En materia de emprego, e partindo do Acordo para a Mellora do Emprego Público, asinado en marzo deste ano, e o Acordo de estabilidade asinado en outubro coa Xunta, as dúas organizacións cren que os Acordos debe ampliarse e consolidarse, tanto no desenvolvemento do proceso de estabilización -para reducir a temporalidade nas administracións públicas-, como na eliminación da taxa de reposición que permita non só recuperar os 16.300 empregos públicos perdidos en Galicia dende o 2011, senón que asente tamén as bases para a creación neta de emprego.

En canto a salarios, UGT e CCOO cren que as empregadas e empregados públicos deben verse recoñecidos no esforzo que se lles esixiu para contribuír ao equilibrio presupostario e á redución do déficit público, como así o expresaron en reiteradas ocasións os propios Gobernos. É por elo que esixen o recoñecemento da débeda salarial que se ten contraída co conxunto de persoas que traballan para o sector público e que se inicie a senda progresiva da recuperación salarial, con cláusula de garantía salarial, para recuperar o poder adquisitivo perdido nestes anos -aproximadamente un 13 por cento dende



2010-.

A defensa dos dereitos das empregadas e empregados públicos é unha prioridade na acción sindical de CCOO e UGT, non só polo dereito que lles asiste como traballadoras e traballadores, senón tamén pola necesidade de reforzar os servizos públicos, por canto supón para a mellora da calidade de vida da cidadanía, en termos de igualdade e cohesión social, sendo as empregadas e empregados públicos os garantes delo.

Con estas mobilizacións iníciase a campaña conxunta de UGT e CCOO, “Agora: salarios, emprego público e dereitos”, que terá continuidade o 14 de decembro cunha concentración estatal en Madrid, e concentracións en Galicia no período de debate e aprobación dos Orzamentos da Xunta de Galicia, e que, de ser preciso, continuará o vindeiro ano.

A IGUALDADE NO MERCADO DE TRABALLO, A DEBATE EN PONTEVEDRA

Redacción.- “A igualdade no mercado de traballo. Un dereito. Un deber” foi obxecto de análise e debate nunha xornada organizada por UGT-Pontevedra-Arousa-Deza, en colaboración coa Deputación de Pontevedra, o pasado martes, no Pazo da Cultura da cidade do Lérez.

Nesta xornada analizouse a lexislación existente, os dereitos e obrigas da representación legal das traballadoras e traballadores, así como a realidade dos convenios colectivos con perspectiva de xénero en Galicia, como ferramentas fundamentais para avanzar na consecución da igualdade real entre mulleres e homes no mercado de traballo.

Nas súa intervención, a técnica do Departamento confederal da Muller de UGT, Ma-

ría Amor Vázquez, fixo fincapé en que a igualdade no traballo é un dereito ao que non se pode renunciar.

Así, analizou a situación do principio de igualdade na negociación colectiva. De seguido, centrou a súa exposición nos mecanismos de protección e o papel da representación legal das traballadoras e traballadores.

A continuación, a secretaria de Igualdade, Xuventude e Movements Sociais de UGT-Galicia, Mónica Rodríguez, retomou a palabra para levar a cabo un obradoiro no que se analizaron os convenios



colectivos das persoas participantes nas xornadas tendo en conta a perspectiva de xénero, así como a situación da negociación colectiva neste ámbito en Galicia.

HAI UNHA GALICIA QUE PRODUCE E NON ARDE E A QUE NON PRODUCE ARDE

Redacción.- Os expertos que participaron no Foro Claridade (Fundación Luís Tilve), celebrado en Ourense o pasado día 14 de novembro para reflexionar sobre o problema dos incendios en Galicia, conclúen que para facerle fronte ó lume é preciso incrementar a actividade agropecuaria, facilitando o acceso á terra; unha planificación sería do solo forestal e non forestal; e no relativo aos servizos de extinción, estes teñen que ser públicos, deben estar máis formados e equipados e baixo un mando único.

O profesor de Producción Vexetal e Enxeñaría da USC, Manuel Marey, leva anos estudando o fenómeno dos incendios e apunta que o Servizo de Extinción creouse no ano 1990, seguindo un modelo clásico que atende ó pasado e non ó futuro. O modelo territorial, social e poboacional mudou, polo que este Servizo tamén ten que adaptarse ás circunstancias actuais. A produción de madeira xera 300 millóns de euros ó ano pero gastamos 175 millóns de euros na defensa contra os incendios, poñendo máis énfase en tratar o problema que en previlo. “Hai comarcas nas que a principal axencia de colocación é o servizo de extinción de incendios”. Este modelo que transfire rendas ó rural, derivou nun modelo caciquil de control do territorio, pero, ó mesmo tempo, pretende ser eficaz na loita contra os incendios, o que é unha contradición e un obxectivo imposible, máxime cando o territorio está cambiando. Unha empresa non pode gañar cartos a conta do lume. Rachar esta dinámica ten que ser un obxectivo estratéxico, senón o problema vai ser cada vez maior e en Europa seguirán asombrándose coas cantidades de millóns que levamos gastados na extinción dos incen-

dios.

Unha das liñas claves a seguir a exemplifica o feito de que as zonas onde hai máis industria forestal, incluso de eucaiptais, son as que menos arden, chegando a ter a percepción de que o gasto en prevención é escaso, porque o ven como unha ameaza ao seu investimento. En cambio, as zonas que máis arden son as terras abandonadas, onde hai máis matogueira, onde, paradoxicamente, teñen a percepción de que o gasto en prevención é suficiente ou excesivo.

Os propietarios forestais son os máis afectados polos incendios e hai que motivalos e apoialos, xa que son os que invisten cantidades importantes en que a terra sexa produtiva. Se cando o lume arrasa o monte se exerce presión sobre os propietarios, estes acabarán por abandonar a actividade forestal, agravando o problema. Ten que haber unha planificación do territorio, hai que reconstruílo, xerando actividade económica.

O abandono do rural xera unha acumulación de biomasa que en circunstancias excepcionais (ventos de máis de 30 quilómetros, máis de 30 graos de temperatura e unha humidade por baixo do 30%) fai imposible atallar o lume. Problema que se agrava nunha poboación tan dispersa como a galega e na que se incumpre reiteradamente a obriga de manter un períme-



tro de separación entre as casas e o bosque. “A única solución para atallar este problema é conseguir que haxa actividade no rural para evitar a acumulación de combustible con prados, cultivos e terras de labor que fan de cortalumes naturais”. Para conseguir isto hai que dispor dun marco legal que facilite a cesión das terras dos que se van ós que se quedan, e incentivar e apoiar que haxa xente que viva do rural cunha mentalidade do século XXI, un rural atractivo e viable para a xente moza, conclúe Jacobo Feijoo, presidente de ASEFOGA e responsable de desenvolvemento rural de Unións Agrarias.

Elías Blanco, membro do Servizo de Defensa contra os Incendios e delegado de FeSP-UGT, coincide en que hai zonas que arden de xeito reiterado. Os incendiarios son da zona e o radio de actuación é inferior ós 10 quilómetros. Analizar que tipo de problema existe en cada zona é moi importante: lindes, caza, pastoreo, marcos... Outro problema é a redución de efectivos en momentos clave.

O foro estivo moderado por José Antonio Quiroga, voceiro de Agricultura do grupo parlamentario socialista.

MOBILIZACIÓNS CONTRA A DISCRIMINACIÓN LABORAL NA XUSTIZA GALEGA

Redacción.- Este mércores centos de traballadores da Xustiza galega concentráronse fronte aos edificios xudiciais para denunciar a discriminación laboral que sofren.

Nestas concentracións, convocadas conxuntamente por UGT, CCOO, CIG, USO, CUT, CSIF e STAJ, demandouse a negociación xa do incremento do complemento transitorio; que se poña fin á discriminación sanitaria nos descontos por incapacidade temporal; que se implemente o plan de amortización de 106 prazas do ano 2013; o cobro do cen por cento das substitucións, que se respecte o principio de a igual traballo, igual retribucións; e que sexan consolidadas a prazas de reforzo de máis de tres anos.

As concentracións tiveron lugar fronte á sede do TSXG, en A Coruña; fronte ao edificio dos xulgados de rúa

Juan Varela, tamén en A Coruña; en Lugo, fronte ao edificio dos xulgados; en Ourense, no edificio xudicial O Couto; en Pontevedra, tanto na Au-

diencia provincial como en A Parada; en Santiago, fronte ao edificio dos xulgados en rúa Viena; en Ferrol e Vigo, tamén fronte ao edificio dos xulgados.



INDULTO PARA CARLOS E SERAFÍN, XA!

Redacción.- Un xoves máis, Vigo acolleu unha concentración para reclamar un indulto para Carlos e Serafín, xa.

Ambos están condeados por ter participado nunha folga xeral do transporte na provincia de Pontevedra e, simplemente, por ter defendido os dereitos do sector.



UAAA CHAMA A PARTICIPAR ESTE SÁBADO NA MANIFESTACIÓN QUE SAIRÁ ÁS 11.30 HORAS DA ALAMEDA COMPOSTELANA CONTRA O ABANDONO DO RURAL

Redacción.- UAAA convoca para este sábado, día 18, unha manifestación con saída da Alameda compostelana ás 11.30 horas para denunciar o abandono que está a sufrir o rural galego.

UAAA denuncia a ausencia de actuacións por parte das administracións.

Unha falta clara dunha política forestal conduce ás vagas de lumes, como as que sufriu Galicia recentemente.

Tamén denuncian a proliferación da fauna salvaxe, como lobos e xabarís; o IBI abusivo que se lle impuxo ao rural; a persecución fiscal que están a sufrir no agro galego pola cesión de dereitos e os pagos únicos.

En todo este contexto, dáse a total inexistencia de actuación de cara ao cambio climático.

O peche das escolas conduce á desaparición das aldeas, o mesmo que sucede co peche dos centros de saúde, mermando a calidade de vida dos habitantes do rural.

A todo isto súmaselle a falta de transporte e as carencias no acceso ás tecnoloxías, provocando unha profunda fenda dixital. E a ausencia de políticas de igualdade que está a acarrear o envellecemento da poboación e o despoamento.

NON AO ABANDONO DO RURAL MOBILIZACIÓN

A ausencia de actuacións dos nosos gobernantes, PROVOCA:

- | | |
|---|---|
| 1. Falla de Política Forestal = Lumes | 6. Peche de escolas = Desaparición das aldeas |
| 2. Fauna salvaxe = Lobos e xabarís | 7. Peche de Centros de Saúde = Menos calidade de vida |
| 3. IBI abusivo = Catastrazo | 8. Falla de transporte = Illamento |
| 4. Persecución fiscal = Cesión dereitos Pago Único | 9. Falla de acceso ás tecnoloxías = Fenda dixital |
| 5. Falla de actuacións ante o cambio climático = Seca, xarida, pedrazo... | 10. Ausencia de políticas de igualdade = Envellecemento e despoamento |

O abandono do rural pon en perigo comercios e negocios coma este
AXUDÉMONOS!!

Día: 18 de novembro - Hora: 11:30 da mañán
Saída: Alameda de Santiago



NON IMOS ASINAR NINGÚN AENC QUE NON RECOLLA ELEMENTOS POSITIVOS PARA TODOS OS TRABALLADORES

Redacción.- O secretario xeral de UGT, Pepe Álvarez, avogou por "un novo Acordo para o Emprego e a Negociación Colectiva (AENC) xeral que teña efectos positivos para todos os traballadores, sobre todo para os das empresas con menos presenza sindical. Un AENC que non recolla elementos claramente positivos para o desenvolvemento da negociación colectiva non o imos a asinar".

Pepe Álvarez realizou estas declaracións na inauguración das Xornadas Confederais de Acción Sindical e Negociación Colectiva de UGT para 2018, que se celebraron en Madrid, onde sinalou que "non sabemos como van ir as negociacións para o novo AENC. A patronal está nunha posición similar á do ano pasado. Non avanzamos na constitución da mesa. A situación en Cataluña fai cómoda á patronal o non dar o paso de constituír a mesa. Tampouco o facilitou o non entrar no seu xogo nas negociacións deste ano. Pero hai que converter o AENC na primeira saída da negociación colectiva".

Salario mínimo por convenio de 1.000 euros #PonteA1000

Neste sentido, o secretario xeral de UGT lembrou que UGT "é a organización sindical que de maneira máis clara nos últimos anos situou os elementos imprescindibles da negociación colectiva. A saída da crise obríganos a dar un salto cualitativo para recuperar o perdido. Despois de anos de crise e retroceso salarial brutal no noso país, nos que o crecemento económico non se trasladou aos

salarios, parece razoable agora dar ese salto cun acordo xeral".

En calquera caso, "non nos queremos centrar nunha porcentaxe concreta. Hai que subir os soldos no noso país, sobre todo os máis baixos. Para nós, o salario mínimo por convenio de 1.000 euros vai ser o elemento clave na mesa de negociación. É unha proposta clara, directa e entendible".

Impulsar a negociación colectiva máis aló dos salarios

O secretario xeral de UGT quixo deixar claro que a negociación colectiva non só é o aumento dos salarios. "Temos que impulsar a negociación máis aló desta cuestión. A xornada debe ser un dos aspectos importantes tamén, xa que nos últimos anos non sufriu ningún cambio, a pesar de que si o fixo o sistema de produción do noso país".

Por iso, "introducimos xa no debate que, da xornada laboral, unha parte vaia ao traballo e outra á formación. Formación permanente é clave para manter a produtividade e competitividade do noso país. Temos que ir a un proceso de redución de xornada que se complementa coa



formación permanente".

Ademais, o acordo ten "que traballar a fondo cuestións como a igualdade. A brecha salarial debe acabar co AENC. Todos os convenios débennos permitir avanzar en materia de igualdade, que debe ser unha das bandeiras da nosa organización en todos os ámbitos".

Pepe Álvarez tamén reclamou "situar novos elementos en relación á prevención de riscos. A saúde e a seguridade deben formar parte dos convenios colectivos. Temos que avanzar cara a unha axenda de coexistión dos elementos que teñen que ver coa saúde laboral".

E tamén poñer sobre a mesa "a cuestión de quen paga os custos da negociación colectiva, porque nós non negociamos para os nosos afiliados, senón para todos os traballadores tamén. Queremos que se nos pague o que nos custa o traballo común da acción sindical".

A RACIONALIZACIÓN DE HORARIOS TEN QUE IR DA MAN DE MÁIS CALIDADE NO EMPREGO

Redacción.- O secretario de Política Sindical de UGT, Gonzalo Pino, esixiu unha "xestión negociada das relacións laborais para que ter uns horarios racionais e poder conciliar a vida persoal coa profesional non vaia da man de máis precariedade e desigualdade".

Gonzalo Pino realizou estas declaracións no XII Congreso Nacional para Racionalizar os Horarios Españóis, onde sinalou que a racionalización dos horarios "vai da man da calidade do emprego, e nos últimos anos o emprego caracterízase por máis precariedade".

"As últimas reformas laborais aumentaron o poder empresarial, tamén en canto á xornada e á súa distribución", considerou. "A parcialidade involuntaria afecta xa a case 1,6 millóns de tra-

balladores, existe unha enorme bolsa de horas extras que se realizan no noso país e non son retribuídas nin compensadas con descanso, e consolidouse un sistema de negociación colectiva fortemente debilitado por estas reformas". Manifestou que "o empresario viu ampliado o seu poder para impoñer. Ademais, a dixitalización está a propagar unhas condicións laborais cada vez máis precarias, onde é imposible conciliar a vida laboral e a persoal".

Por iso, avogou por un "cambio de modelo produtivo para que a produtividade laboral non dependa do aumento das horas de traballo, senón da calidade das mesmas; un debate en profundidade sobre os tempos de traballo, para impedir o abuso das empresas; unha regulación do dereito á desconexión; unha actuación

urxente contra as prolongacións ilegais da xornada, que se dan en moitos sectores; e unha conciliación corresponsable que permita compatibilizar a vida laboral coa persoal".

Todo iso coa implementación de medidas como "unha bolsa de horas para cada traballador, co fin de que poidan ausentarse do posto de traballo en caso de continxencias familiares graves, visitas médicas ou reunións escolares; establecer o dereito á adaptación e distribución da xornada sen redución; fomentar a repartición equilibrada das responsabilidades familiares entre homes e mulleres, mediante beneficios e incentivos para os que fagan uso dos dereitos de conciliación; e negociar a flexibilidade de horarios ao comezo e final das xornadas, quedas ou adaptacións de xornada".

UGT RECLAMA UN CONTRATO DE SUBSTITUCIÓN QUE IMPULSE O EMPREGO NOVO

Redacción.- O sindicato aposta por aumentar as oportunidades de xubilación anticipada para os traballadores de máis idade e ofrecer formación e emprego de calidade aos mozos.

Aumentaría a empregabilidade de máis da metade dos mozos en paro (600.000 menores de 30 anos) que só dispoñen de estudos básicos.

A Unión Xeral de Traballadores reclama un contrato de substitución que impulse o emprego novo. O sindicato demanda recuperar e impulsar de maneira inmediata un novo modelo de contrato de substitución que aumente as oportunidades de que os traballadores accedan á xubilación anticipada parcial e, á súa vez, que ofrezca emprego de calidade e contidos de formación e transmisión do coñecemento para o mozo inscrito na garantía xuvenil.

Mentres as taxas de desemprego xuvenil sexan tan desorbitadas como na actualidade, fan falta fórmulas eficaces para aumentar a incorporación ao emprego, especialmente dos mozos con maiores dificultades. Por iso, resulta fundamental fomentar o contrato de substitución e a xubilación parcial, anticipándoa catro anos á idade ordinaria de cada traballador e mellorando de forma notable as condicións de aplicación vixentes desde 2013, utilizando para iso o financiamento do fondo social eu-



ropeo, coa finalidade de que se incremente a substitución natural e a transmisión de coñecemento entre a xeración que accede á xubilación e a súa substitución xeracional. Desta forma, ampliáanse simultaneamente as oportunidades de emprego dos mozos menos formados e de xubilación anticipada e progresiva dos maiores.

Para UGT, este contrato de substitución supón para os novos contratación estable, de calidade e con dereitos (contrato indefinido e con salarios de convenio), producindo unha substitución eficaz e eficiente no mercado de traballo, da que sairían beneficiadas todas as partes, tanto os mozos como as empresas, que verían unha solución á perda dese capital humano que se xubila inminentemente.

Ademais, realízase unha aposta en firme polo emprego de calidade, en detri-

mento da precariedade e temporalidade que existe hoxe no noso mercado laboral, a través de contratos indefinidos e con dereitos. Desta forma, o sindicato aposta pola empregabilidade de máis da metade dos mozos en paro (600.000 menores de 30 anos) que só dispoñen de estudos básicos e cuxa incorporación ao mercado laboral está sometida a grandes dificultades e a un altísimo risco de que se produza nas condicións máis precarias.

UGT considera que este contrato de substitución, a diferenza doutras fórmulas de contratación de mozos, posibilita, por tanto, que os mozos non entren no mercado laboral pola porta da temporalidade e a precariedade; e ofrece a igualdade de condicións no emprego e o salario do novo respecto ao resto de traballadores da empresa e a posibilidade de desenvolverse na mesma.

NON HAI MÁIS ESCUSAS, HAI QUE SUBIR OS SALARIOS XA #PONTEA1000

Redacción.- Os datos de IPC, correspondentes ao mes de outubro, publicados esta semana polo Instituto Nacional de Estatística, mostran a inflación mensual no 0,9% e a taxa interanual no 1,6%, dúas décimas por baixo da reflectida en setembro.

Novamente, móstrase como os prezos mantiveron un nivel elevado respecto da evolución de salarios: a media dos dez primeiros meses do ano sitúase en 2,1%, mentres os salarios ata o mes de outubro sitúanse no 1,4% para 6.579.931 traballadores e só o 21,3% teñen cláusula de garantía salarial.

Para UGT, non hai máis escusas. Os organismos internacionais consideran que hai que apontoar a reactivación, a través dun maior papel da política fiscal, que aumenten os in-

gresos públicos e a tributación dos que máis teñen, e con maior gasto público e maiores investimentos públicos en cuestións clave; e a través da xeración de máis e mellores empregos con mellores salarios. En definitiva, abandonar as políticas de austeridade e as rebaixas fiscais electoralistas, e repartir o crecemento económico de maneira xusta e equilibrada, para que a riqueza que se xera alcance aos traballadores e as súas familias.



Por iso, desde UGT seguiremos insistindo en expor para a negociación colectiva incrementos salariais que recuperen poder adquisitivo para os traballadores, con cláusulas de garantía que preserven as subidas ne-

gociadas da evolución dos prezos e un salario mínimo de convenio de polo menos 1.000 euros mensuais.

En canto ás rendas públicas, o sindicato reclama a recuperación do poder adquisitivo perdido polas pensións e outras prestacións públicas, unha subida salarial para os empregados públicos que supoña recuperación de poder adquisitivo, e unha senda de incremento do SMI, de modo que alcance 1.000 euros polo menos en 2020.

Os últimos datos do Índice de Prezos do Traballo, coñecidos recentemente, tamén profundan nesta triste realidade dos salarios no noso país, xa que sinalan a intensa baixada que sufriron os soldos no período 2009-2013 e a escasa recuperación que vén producindo desde 2014, cando se recuperou a senda de crecemento

económico. O saldo acumulado desde 2009 ata 2015 supón unha perda de poder adquisitivo de 9 puntos.

Ademais, os deciles salariais da EPA reflicten por primeira vez en 2016 unha diminución do salario medio, que baixou respecto ao ano anterior un 0,8%, mentres a economía crecía un 3,2% e os excedentes empresariais aumentaban a un ritmo do 4,9%. O soldo neto medio sitúase na contorna de 1.300 euros ao mes (1.878,1 euros brutos), e practicamente a metade dos asalariados cobran soldos netos inferiores a 1.000 euros.

O 20% dos asalariados cobran por baixo de 1.002,8 euros brutos ao mes e a brecha salarial de xénero é contundente: o 12,3% dos homes e o 28,5% das mulleres atópanse nesados deciles inferiores.

O emprego temporal e precario tampouco axuda. A escasa calidade do emprego que se crea, a curta duración dos contratos e o mantemento sen concesións da reforma laboral, aínda que demostrou os seus efectos perniciosos sobre o emprego, non só non corrixe a dualidade, senón que colabora á extensión da inestabilidade, a precariedade e a desigualdade laboral, cunha desvalorización salarial que non fai máis que aumentar o número de traballadores pobres. Conseguir un emprego non é nin moito menos garantía de saír da pobreza.

Por iso, UGT insiste na necesidade de aproveitar o período de crecemento para cambiar a un modelo produtivo máis forte, baseado en sectores estables e de alto valor engadido, co fin de potenciar empregos e salarios dignos e de calidade.

CHAMAMENTO SINDICAL PARA PARTICIPAR NAS MOBILIZACIÓNS CONVOCADAS CONTRA A VIOLENCIA DE XÉNERO



Redacción.- UGT e CCOO publican o manifesto con motivo do Día Internacional para a eliminación da violencia contra as mulleres.

Demandan unha norma internacional para erradicar a violencia de xénero no ámbito laboral e que o Goberno de España apoie a adopción dun Convenio da OIT neste sentido.

Os sindicatos, con motivo do Día Internacional para a eliminación da violencia contra as mulleres, que se celebra o 25 de novembro, elaboraron un manifesto expresando a súa máis “rotunda condena e repulsa á violencia que se exerce sobre as mulleres en todos os ámbitos e a todos os niveis”.

No que vai de ano 44 mulleres foron asasinadas e 8 nenas e nenos. E aínda

que cada vez hai máis denuncias, “os fortes recortes en dereitos sociais e do gasto público supuxeron un retroceso moi importante no desenvolvemento das políticas para a igualdade de xénero e na loita contra a violencia machista”, o que incide no incremento desta terrible secuela social.

Os sindicatos reclaman novas medidas para eliminar os déficits nesta materia e demandaron a inmediata posta en marcha do Pacto de Estado contra a Violencia de Xénero, co compromiso económico establecido e a súa participación activa na Comisión de seguimento e avaliación das medidas e acordos que se alcancen.

Neste manifesto, as organizacións sindicais denuncian que o Plan para a inserción laboral de mulleres vítimas de vio-

lencia de xénero non está funcionado adecuadamente. Así, no 2016 só se realizaron 707 contratos bonificados a mulleres vítimas de violencia de xénero e, unicamente, 173 deles foron indefinidos.

Os sindicatos defenden, así mesmo, unha norma internacional para erradicar a violencia de xénero no ámbito laboral e esixen ao Goberno español que apoie a adopción dun Convenio da Organización Internacional do Traballo, neste sentido. Igualmente condenan a violencia sexual contra millóns de mulleres e nenas en todo o mundo, e a feminización da pobreza.

No manifesto conclúen facendo un chamamento á participación nas distintas mobilizacións convocadas en toda España, con motivo do 25 de novembro, un reflexo do compromiso social para erradicar a violencia contra as mulleres.